

**A MULLER NO MUNDO
LABORAL**

5

Marta Puebla Vilariño

Funcionaria do SEPE (Servizo Público de Emprego Estatal)

Índice

Capítulo 5. A MULLER NO MUNDO LABORAL	3
Introdución	3
5.1. A muller na poboación galega	4
5.2. Muller e actividade económica de mercado	8
5.2.1. Introdución.....	8
5.2.2. Actividade e inactividade	9
5.2.3. Emprego e desemprego	12
5.3. Demandas de emprego e paro rexistrado	15
5.4. Contratos de traballo	19
5.5. Formación	22
5.6. Poder e toma de decisións	25
5.7. Conciliación entre a vida laboral e familiar	29
5.8. Salarios.....	32
5.9. Prestacións por desemprego	35
5.10. Pensións	38

Capítulo 5. A MULLER NO MUNDO LABORAL

Introdución

Na exposición de motivos da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, dise: " O artigo 14 da Constitución Española proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo. Pola súa banda o artigo 9.2 consagra a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais ou efectivas".

A igualdade é así mesmo un principio fundamental na UE no que se refire ao acceso ao emprego, formación, promoción profesional e condicións de traballo. A violencia de xénero, a discriminación salarial, a discriminación nas pensións de viuvez, o maior desemprego feminino, a escasa presenza das mulleres en postos de responsabilidade política, social, cultural e económica, ou os problemas de conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar, mostran que a igualdade plena e efectiva aínda non se conseguiu.

O Título IV da citada Lei orgánica ocúpase do dereito ao traballo en igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no acceso ao emprego, na formación profesional e nas condicións de traballo e contempla especificamente o de negociar plans de igualdade nas empresas de máis de 151 e ata 250 persoas traballadoras dende o 07/03/2020 e ata 07/03/2021, do 07/03/2021 e ata 06/03/2022 será obrigatorio en empresas entre 101 e 150 persoas traballadoras e dende 07/03/2022 serao para empresas de entre 50 e 100 persoas traballadoras.

As recomendacións que se fan a España están orientadas a aumentar os incentivos para que as mulleres participen no mercado de traballo e incrementar a dispoñibilidade e accesibilidade dos servizos para o coidado de fillas e fillos e doutras persoas dependentes.

A situación de desigualdade da muller segue sendo palpable non só en España e Europa, senón no resto do mundo. A OIT puxo a voz de alarma sobre a feminización da pobreza, resultado, en parte, das diferenzas de xénero no ámbito laboral. Aumenta o número de mulleres que acceden ao emprego pero tamén aumenta o número de mulleres no paro. A taxa de actividade das mulleres españolas está por debaixo das europeas e a taxa de emprego feminino, se ben mellorou moito nos últimos anos, aínda é máis baixa que a das mulleres europeas. A taxa de paro feminino, que tende a reducir distancias coa masculina, segue sendo elevada.

As diferenzas salariais entre homes e mulleres na media da UE fóronse reducindo progresivamente. En España a evolución foi mínima, non só se manteñen unhas grandes diferenzas salariais por razón de sexo, senón que a porcentaxe de mulleres con ingresos anuais superiores a 30.000 euros é moi reducida.

Ao longo deste capítulo queremos deixar reflexo da necesidade de adoptar medidas que reduzan as dificultades da muller para acceder e manter o emprego, a temporalidade, a precariedade, a desigualdade salarial e dificultades para conciliar a vida familiar, laboral e persoal. A estes elementos debe unirse a importante segregación ocupacional por sexos, o emprego feminino céntrase en determinadas ramas de actividade (segregación horizontal) e en determinadas categorías profesionais (segregación vertical).

Máis complicado parece que desapareza o "teito de cristal" ou "chan pegañento": barreira invisible formada por unha complexa trama de estruturas en organizacións dominadas por homes, que impiden que as mulleres accedan a postos de gran responsabilidade e recoñecemento social, e que en moitos casos crean que o elixiron elas libremente. Así como o chamado "pacto entre homes", polo cal se son os homes (por ocupar postos de responsabilidade) os encargados de seleccionar as persoas traballadoras é máis probable que seleccionen a un igual e polo tanto a un home.

5.1. A muller na poboación galega

Neste capítulo atenderemos o mercado de traballo de Galicia dende a perspectiva da posición que nel ocupan as mulleres. Comezaremos este achegamento á problemática da muller no mercado de traballo galego analizando a participación relativa da muller na poboación galega.

As mulleres son maioría na poboación galega (así como na de cada unha das súas provincias) e na española, como se comproba co cadro 5.1.

En Galicia en 2021 por cada 100 homes hai 107,8 mulleres; o dato na Coruña é de 108,6, en Lugo de 106,4; en Ourense de 108,3 e en Pontevedra de 107,3 (todos por enriba da media española: 104,05)

Cadro 5.1

**Poboación de Galicia e España. Por sexo e provincias.
Padrón municipal a 1 de xaneiro de 2022, periodo 2018-2021**

	2018			2019			2020			2021		
	Ambos sexos	Varóns	Mulleres	Ambos sexos	Varóns	Mulleres	Ambos sexos	Varóns	Mulleres	Ambos sexos	Varóns	Mulleres
España	46.733.038	22.914.086	23.818.952	47.026.208	23.042.428	23.983.780	47.344.649	24.140.758	23.203.891	47.435.597	23.146.007	24.189.590
Galicia	2.672.940	1.282.772	1.390.168	2.699.499	1.298.964	1.400.535	2.694.245	1.296.603	1.397.643	2.689.152	1.294.060	1.395.092
A Coruña	1.119.351	536.637	582.714	1.119.596	536.470	583.126	1.119.545	536.707	582.839	1.118.601	536.277	582.324
Lugo	331.327	160.647	170.680	329.587	159.686	169.901	325.851	157.826	168.025	323.830	156.895	166.935
Ourense	309.293	148.426	160.867	307.651	147.522	160.129	304.910	146.326	158.584	303.984	145.914	158.070
Pontevedra	941.772	454.899	486.873	942.665	455.286	487.379	943.939	455.744	488.194	942.737	454.974	487.763

Fonte: INE, Padrón de habitantes a 1 de xaneiro de 2022.

No cadro 5.2 constatamos que no ano 2021 había na Unión Europea aproximadamente 51,13% de poboación feminina.

Cadro 5.2

Poboación España e UE. % de mulleres 2016/2021

	2016	2017	2018	2019	2020	2021
EU 27	51,13	51,11	51,1	51,09	51,1	51,13
España	50,89	50,92	50,96	51	50,98	51

Fonte: Eurostat.


A porcentaxe de mulleres sobre a poboación total dende 1996 figura no cadro 5.3.

Cadro 5.3

Poboación e índice de femineidade 1996- 2021

ANO	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Índice de femineidade
2021	47.344.649	24.189.590	23.246.007	104,03
2020	47.344.649	24.140.758	23.203.891	104,03
2019	47.026.208	23.983.780	23.042.428	104,08
2018	47.022.572	23.776.565	22.881.882	103,91
2017	46.621.153	23.739.271	22.832.861	103,97
2016	46.546.259	23.713.398	22.843.610	103,81
2015	46.577.609	23.733.999	22.890.383	103,69
2014	47.771.341	23.785.665	22.985.676	103,48
2013	47.129.783	23.933.397	23.196.386	103,18
2012	47.265.321	23.966.965	23.298.356	102,87
2011	47.190.493	23.907.306	23.283.187	102,68
2010	47.021.031	23.794.846	23.226.185	102,45
2009	46.745.807	23.628.819	23.116.988	102,21
2008	46.157.822	23.310.085	22.847.737	102,02
2007	45.200.737	22.860.775	22.339.962	102,33
2006	44.708.964	22.608.498	22.100.466	102,30
2005	44.108.530	22.327.661	21.780.869	102,51
2004	43.197.684	21.912.437	21.285.247	102,95
2003	42.717.064	21.682.738	21.034.326	103,08
2002	41.837.894	21.273.805	20.564.089	103,45
2001	41.116.842	20.951.328	20.165.514	103,90
2000	40.499.791	20.678.407	19.821.384	104,32
1999	40.202.160	20.531.518	19.670.642	104,32
1998	39.852.651	20.364.186	19.488.465	104,49
1996	39.669.394	20.269.845	19.399.549	104,49

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes.



A distribución por sexo de cada un dos grupos de idade en Galicia pode verse no cadro 5.4, que pon de manifesto que:

- Os homes son maioría no grupo de idade de 0 a 15 anos e case igual no grupo de 16 a 44 anos.

- As mulleres son maioría nos outros grupos de idade e a diferenza a favor das mulleres vaise abrindo progresivamente á medida que avanzamos na idade.

A maior esperanza de vida das mulleres e a maior emigración dos homes están, sen dúbida, entre os factores explicativos.

Cadro 5.4

Poboación de Galicia. Por idade e sexo. 2018-2021

Idade	Galicia 2018			Galicia 2019			Galicia 2020			Galicia 2021		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
0-15 anos	344.170	177.115	167.055	338.788	174.521	164.267	333.250	171.542	161.708	327.607	168.791	158.816
16-44 anos										830.259	418.911	411.348
45-64 anos										828.785	405.153	423.632
16-64 anos	1.684.643	837.181	847.462	1.673.836	831.135	842.661	1.666.962	827.750	839.212	1.659.044	824.064	834.980
65 e mais	672.930	286.313	386.617	687.685	293.715	393.970	694.033	297.310	396.723	694.033	301.205	401.296
Total	2.701.743	1.300.609	1.401.134	2.700.309	1.299.371	1.400.898	2.694.245	1.296.602	1.397.643	2.680.684	1.294.060	1.395.092

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes.


Para ver se a primacía numérica da muller en Galicia se asenta en motivos biolóxicos ou hai unha causalidade social, pode observarse no cadro 5.5 que nos últimos case corenta anos en todos e cada un dos anos naceron en Galicia máis homes que mulleres. Destacaremos os seguintes aspectos:

- O importante descenso dos nacementos tocou fondo en 1998, ano no que o total de nacementos non chegou á metade dos de 1980 (quedou no 47,3%).

- No ano 2003 recuperouse o nivel dos 20.000 nacementos (por vez primeira dende 1993) e en 2008 chegouse aos 23.281 nacementos, para volver a diminuír a partir dese ano.

- Da diferenza entre homes e mulleres do ano 1980 (1.384 persoas) pasouse na actualidade a 248 nenos máis que nenas en 2020 e 374 en 2021.

Cadro 5.5
Nacemento segundo o sexo do/a nacido/a. Galicia. 1985-2021



Fonte: INE, Movemento natural de poboación.

No cadro 5.6 compróbase que Galicia é a una comunidade autónoma na que a porcentaxe de mulleres estranxeiras sobre o total da poboación estranxeira supera a media estatal en máis de dos puntos.

Cadro 5.6
Poboación estranxeira. Porcentaxe de mulleres. Por comunidades autónomas. 2009-2021

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
España	43,66	47,83	47,86	48,13	48,53	48,84	49,05	49,30	49,59	49,86	49,93	49,48	49,86
Andalucía	43,31	47,86	47,92	48,16	48,64	48,64	48,93	48,90	48,95	49,21	49,50	49,53	49,40
Aragón	39,72	45,70	45,71	46,19	46,59	47,42	47,74	48,27	49,04	49,41	49,3	48,96	48,9
Asturias	44,49	50,80	50,81	50,77	51,70	51,62	52,66	52,95	53,23	53,44	53,44	53,75	53,9
Baleares	45,01	48,64	48,71	48,84	49,23	49,54	49,71	49,89	49,95	49,91	49,40	49,39	49,70
Canarias	45,89	49,25	49,26	49,41	49,53	49,66	49,77	49,91	49,93	50,16	50,5	50,55	50,5
Cantabria	42,71	49,29	49,36	49,77	40,17	50,31	50,73	51,38	51,88	52,03	51,3	52,39	52,1
Castela e León	42,79	47,59	47,64	47,84	48,51	48,90	48,90	49,89	50,31	50,76	51	51,09	50,9
Castela A Mancha	39,83	45,56	45,61	45,87	46,51	47,00	47,65	48,18	48,58	48,94	49,1	49,12	49
Cataluña	42,02	46,46	46,49	46,86	47,34	47,65	47,86	48,08	48,45	48,71	48,71	48,24	48,3
C. Valenciana	44,48	47,68	47,70	47,80	48,10	48,40	48,58	48,81	49,25	49,52	49,6	49,71	49,9
Estremadura	43,42	47,78	47,80	48,00	48,51	48,77	49,35	49,82	50,35	50,82	51,58	51,82	51,7
Galicia	44,75	49,61	49,66	49,31	49,63	49,88	50,09	50,60	50,74	50,74	52,03	52,11	51,90
Madrid	46,59	50,30	50,31	50,86	51,20	51,52	51,73	52,14	52,42	52,67	52,8	52,72	52,6
Murcia	40,57	44,09	44,12	44,48	44,93	45,18	45,33	45,50	45,55	45,66	45,9	45,92	45,9
Navarra	42,16	46,02	46,07	46,63	47,13	47,38	47,87	48,08	48,64	49,24	49,5	49,52	49,5
País Vasco	42,88	48,58	48,58	48,55	48,97	49,32	49,35	49,54	49,63	49,96	50,2	49,87	49,7
A Ríoxa	40,62	46,46	46,47	47,04	47,65	48,79	49,42	49,83	50,18	50,45	50,4	50,26	50,5
Ceuta	44,70	49,64	49,70	49,14	48,25	49,37	49,83	49,99	50,33	49,74	50,5	51,51	52,8
Melilla	42,99	46,52	46,61	46,32	46,69	48,80	49,28	49,50	50,04	50,13	50,3	51,2	52,5

Fonte: INE. Explotación estatística do Padrón.

5.2. Muller e actividade económica de mercado

5.2.1. Introducción

Só nas últimas décadas a muller comezou a incorporarse maioritariamente en Galicia á actividade económica "de mercado", posto que tradicionalmente realizou un importante traballo, pero non retribuído senón ligado prioritariamente á esfera doméstica (incluíndo ademais dos labores do fogar o coidado dos nenos e nenas, das persoas con discapacidade etc.).

A invisibilidade deste traballo, que non computa na xeración do PIB, comezou a ceder paso no último cuarto do século XX por unha incorporación á vida activa similar á masculina nos grupos de idade máis novos, pero queda moito camiño por andar para que poidamos falar dun mercado laboral realmente equilibrado por sexos.

Xa vimos no apartado anterior que as mulleres, malia ser máis que os homes, son moitas menos na poboación activa (e moi especialmente na ocupada), mentres que son maioría na poboación desempregada e na inactiva.

Podemos complementar ese cadro co 5.7, que detalla para as provincias galegas a distribución porcentual da poboación. Destacaremos que:

- A taxa de actividade maior alcánzana os homes na provincia da Pontevedra (58,2%) e a menor é a das mulleres en Ourense (44,3%)

- A provincia con menor taxa de actividade masculina, Ourense (52,4 %), está por debaixo, en case 6 puntos porcentuais, da de Pontevedra. A que ten maior taxa de actividade feminina é Pontevedra 49,4% (48,1% en 2020), seguida de Lugo (48,7%). A taxa máis baixa está en Ourense con 44,3% (43,2 en 2020).

- A taxa de actividade en Galicia no grupo de mulleres só chega ao 48,3% fronte ao 57,1% de homes, mellorando con respecto a 2020.


- A taxa máis alta de desemprego no colectivo feminino e masculino encontrámola en Pontevedra tanto no grupo de homes (11,7%) coma no de mulleres (16,3%).

- A taxa de desemprego máis baixa tanto en homes (9,4%) coma en mulleres (8,6%) é a de Lugo.

Cadro 5.7
Distribución porcentual da poboación de 16 e máis anos. Pola relación coa actividade económica.
Por sexo e provincia. 2017-2021

	Taxas de actividade					Taxas de desemprego				
	2017	2018	2019	2020	2021	2017	2018	2019	2020	2021
Homes										
A Coruña	59,50	59,20	59,60	57,60	57,70	13,70	11,90	9,00	10,30	10
Lugo	56,90	55,60	56,1	55,20	56,20	11,50	7,60	7,9	7,50	9,4
Ourense	52,10	51,60	50,7	52,00	52,40	15,40	12,40	11,60	10,70	10,3
Pontevedra	58,30	58,30	58,1	58,80	58,20	17,70	14,70	12,3	12,70	11,7
Galicia	57,90	57,50	57,6	57,10	57,10	15,00	12,40	10,3	10,90	10,6
Mulleres										
A Coruña	50,50	50,80	50,40	48,70	48,30	14,70	12,60	11,70	12,20	11,3
Lugo	46,70	48,00	48,40	47,50	48,70	13,90	10,90	11,8	10,20	8,6
Ourense	44,10	44,70	45,0	43,20	44,30	17,70	15,20	14,20	12,80	11,9
Pontevedra	49,90	49,70	49,00	48,10	49,40	18,90	17,50	15,50	15,70	16,3
Galicia	49,10	49,40	49,10	47,70	48,30	16,40	14,40	13,30	13,20	12,8

Fonte: IGE-INE, EPA 28-04-2022.



5.2.2. Actividade e inactividade

A moito menor taxa de actividade das mulleres en Galicia (e en cada unha das súas provincias) en relación coa dos homes xa foi obxecto de estudo no capítulo 4; para completar esa análise presentamos no cadro 5.8 as taxas de actividade de homes e mulleres en cada unha das CC.AA. Destacaremos que:

- A taxa de actividade feminina está en Galicia máis de 5 puntos porcentuais por baixo da media española.

- A taxa de actividade masculina en Galicia supera en máis de 8 puntos á feminina, pero está máis de 6 puntos por debaixo da media estatal para o grupo de homes.

Cadro 5.8

Taxa de actividade por sexo e comunidade autónoma. 2017-2021

	Varóns					Mulleres				
	2017	2018	2019	2020	2021	2017	2018	2019	2020	2021
España	64,57	64,55	64,24	63,30	63,65	53,33	53,06	53,53	53,35	53,93
Andalucía	63,95	63,96	63,31	63,45	63,51	50,21	50,10	50,24	50,22	51,85
Aragón	64,36	64,54	65,17	63,45	63,03	52,79	53,01	53,66	53,54	54,81
Asturias	54,90	55,04	54,98	54,71	55,42	46,85	46,92	46,98	46,09	45,14
Baleares	67,63	69,87	67,88	66,15	64,80	55,65	59,06	56,93	57,49	58,08
Canarias	65,60	65,48	65,65	61,12	63,40	56,37	55,48	55,80	53,86	56,11
Cantabria	60,98	60,76	60,66	58,67	65,72	51,03	49,24	51,12	49,86	49,13
Castela A Mancha	60,19	66,06	65,16	65,28	59,31	48,78	51,43	51,91	51,87	52,43
Castela e León	66,66	60,59	60,92	59,36	65,72	52,32	48,68	49,92	49,21	49,46
Cataluña	66,98	66,61	66,48	65,67	65,13	56,78	56,26	56,95	56,91	57,64
C. Valenciana	65,08	64,90	64,71	62,64	63,54	53,77	52,47	52,54	52,72	53,09
Extremadura	62,17	62,61	62,14	59,78	61,68	47,54	48,17	49,34	50,18	48,28
Galicia	57,56	57,52	57,58	56,91	56,98	48,79	49,38	49,06	48,07	48,19
Madrid	68,24	68,41	68,05	67,62	67,88	58,90	57,93	59,21	59,48	58,72
Murcia	66,70	66,50	66,68	66,16	67,27	52,07	52,22	52,70	51,55	52,85
Navarra	63,84	63,44	63,29	62,73	63,24	54,01	54,88	54,13	53,55	54,59
País Vasco	61,81	61,33	59,78	59,19	60,85	51,25	51,61	52,13	52,10	53,15
A Ríoxa	65,05	63,79	63,60	64,44	63,79	53,03	54,69	54,96	54,59	55,85
Ceuta	64,70	65,72	68,39	62,57	63,73	49,41	52,20	48,88	49,60	49,27
Melilla	70,49	70,61	63,60	72,91	67,25	50,54	54,50	52,77	58,17	60,24

Unidades: Porcentaxe

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de 2021.

Focalizando o estudo na perspectiva de xénero o cadro 5.9 pon de manifesto que:

- A principal situación de inactividade da muller galega deixa de ser "labores do fogar" (24,4%, 27% en 2020) e pasa ao primeiro posto "xubilación ou prexubilación" (37,2%).

- A principal situación de inactividade dos homes en Galicia é a de "xubilación ou prexubilación" (co 61,8% da poboación inactiva), mentres que nas mulleres é de 37,2%. A pequena proporción de mulleres que realizaron en décadas anteriores un traballo retribuído é a explicación principal deste importante desaxuste, que contribúe a que ser muller de idade avanzada constitúase hoxe nun dos principais factores de risco para formar parte das bolsas de pobreza.

- O 15,3% das inactivas galegas son estudantes e a porcentaxe ascende a 18,1% entre os homes. Esta suba con respecto a anos anteriores ten que ver probablemente coa situación provocada pola crisis, a dificultade de topar traballo leva aos rapaces e rapazas a continuar ou regresar aos estudos.

- O cobramento das pensións de viuvez prioritariamente por mulleres (xa que en décadas anteriores as persoas cotizantes á Seguridade Social eran en proporción moi maioritaria homes) explica que a porcentaxe de mulleres perceptoras de pensións diferentes ás ligadas á xubilación é máis de 13 puntos maior que nos homes.

Cadro 5.9

Poboación inactiva. Por clase de inactividade, sexo e comunidade autónoma. 2021

	Total	Estudante	Xubilado/a ou prexubilado/	Labores do fogar	Incapacitado/a permanente	Perceptor/a pensión distinta da xubilación (ou prexubilación)	Outras situacións ⁽¹⁾
Homes							
España	100	21,4	57,3	6,5	7,8	2,9	4,1
Andalucía	100	23,0	52,6	7,4	9,5	2,7	4,6
Aragón	100	19,7	65,2	4,2	7,1	2,0	1,7
Asturias	100	15,2	66,8	3,9	6,8	3,5	3,8
Baleares	100	22,2	52,7	12,4	4,6	2,0	6,1
Canarias	100	21,9	46,0	12,2	9,5	4,7	5,6
Cantabria	100	21,2	58,3	4,1	8,0	4,7	3,7
Castela e León	100	17,5	65,7	5,1	6,2	2,8	2,6
Castela-A Mancha	100	23,0	59,0	5,4	7,4	2,1	3,1
Cataluña	100	19,9	58,7	5,9	6,8	3,6	5,1
C. Valenciana	100	21,9	57,1	5,8	8,4	2,3	4,5
Extremadura	100	21,0	58,4	5,8	8,1	2,7	4,0
Galicia	100	18,1	61,8	5,1	9,1	3,2	2,7
Madrid	100	25,0	57,1	6,8	5,0	2,4	3,8
Murcia	100	24,7	53,0	6,8	9,1	2,4	3,9
Navarra	100	21,7	58,0	6,3	7,8	2,5	3,7
País Vasco	100	19,5	60,4	4,8	9,4	2,5	3,4
A Rioxa	100	18,8	63,9	4,6	6,0	3,6	3,2
Ceuta	100	33,2	45,0	4,4	11,1	3,8	2,5
Melilla	100	32,3	39,7	2,2	10,5	7,7	7,6
Mulleres							
España	100	17,2	27,2	32,2	5,7	15,7	1,9
Andalucía	100	18,0	21,7	36,6	6,6	15,7	1,5
Aragón	100	18,2	27,2	32,4	4,9	15,7	1,6
Asturias	100	13,3	28,8	30,7	5,0	19,8	2,3
Baleares	100	18,4	30,0	34,3	4,2	10,9	2,1
Canarias	100	19,9	19,9	34,9	7,7	14,7	2,9
Cantabria	100	15,7	23,8	33,4	5,4	19,4	2,4
Castela e León	100	15,3	26,7	34,2	4,8	17,3	1,6
Castela-A Mancha	100	18,0	16,1	44,1	4,6	15,4	1,7
Cataluña	100	15,2	33,9	27,1	5,3	16,3	2,1
C. Valenciana	100	18,0	28,6	30,4	7,5	13,6	2,0
Extremadura	100	16,8	19,8	37,5	4,8	19,1	2,1
Galicia	100	15,3	37,2	24,4	5,6	16,1	1,4
Madrid	100	18,2	28,8	32,0	4,3	15,0	1,8
Murcia	100	20,3	23,4	36,2	6,2	12,0	2,0
Navarra	100	19,0	29,4	29,0	4,7	16,0	1,8
País Vasco	100	16,3	30,1	26,7	6,0	18,6	2,3
A Rioxa	100	17,0	28,9	29,0	3,8	18,5	3,0
Ceuta	100	26,1	12,9	44,1	5,2	11,3	0,5
Melilla	100	27,8	7,7	36,4	7,1	13,1	7,9

(1) A categoría "Outras situacións" inclúe aos inactivos/as que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar.

Datos en porcentaxes, respecto da poboación inactiva total de cada comunidade autónoma.

Fonte: INE, EPA 4º trimestre.

A desagregación por grupos de idade do cadro 5.10 permítenos constatar que no tramo de 16-19 anos as mulleres inactivas son menos que os homes inactivos en 1.100 persoas, mentres que a medida que avanzamos en idade tamén son as mulleres

inactivas máis, ata chegar a unha diferenza de 21.400 (18.800 en 2020) inactivas máis no grupo de 55 a 64 anos e a 92.100 no tramo de >65 anos.

Evidentemente, a incorporación máis igualitaria da muller ao mundo do traballo retribuído vaise producindo nos estratos de poboación máis novos.

Cadro 5.10

Poboación inactiva por grupo de idade, sexo e comunidade autónoma. Valores absolutos. Galicia 2019-2021. Unidade: miles

	Total			De 16 a 19 anos			De 20 a 24 anos			De 25 a 34 anos			De 35 a 44 anos			De 45 a 54 anos			De 55 a 64 anos			De 65 e máis anos		
	2019	2020	2021	2019	2020	2021	2019	2020	2021	2019	2020	2021	2019	2020	2021	2019	2020	2021	2019	2020	2021	2019	2020	2021
Homes	474,0	479,8	481,0	41,1	41,2	43,5	28,1	30,9	31,1	16,7	20,4	20,4	14,8	16,2	13,2	25,0	25,5	24,6	69,2	62,9	64,4	279,1	281,2	285,3
Mulleres	621,4	638,2	631,7	40,0	40,8	42,4	30,3	34,2	35,5	23,1	26,6	24,5	25,7	28,6	26,0	41,5	47,4	44,2	87,0	81,7	85,8	373,9	374,9	377,4
Galicia	1.095,4	1.118,0	1.112,7	81,1	82,0	85,9	58,4	65,1	66,6	39,8	47,0	44,9	40,5	44,8	39,2	66,5	72,9	68,8	156,2	144,6	150,2	653,0	656,1	662,7

Os resultados de Ceuta e Melilla deben tomarse con precaución porque poden estar afectados por grandes erros de muestreo.
Fonte INE 4T.

5.2.3. Emprego e desemprego

Dentro da poboación activa inclúese tanto a que está a traballar (poboación ocupada) como a que busca emprego activamente (poboación desempregada).

A distribución porcentual da poboación ocupada por sexos e sectores económicos en cada unha das CC.AA. figura no cadro 5.11; nel destacaremos, no referido a Galicia e o total español, que:



- O 85% das mulleres con emprego en Galicia traballan no sector servizos (en España alcanza o 88,8%).
- A porcentaxe de mulleres que traballan en Galicia no sector agrario supera o dobre da media española de mulleres, mentres que nos homes chega a dous puntos.
- A subrepresentación da muller por sectores económicos é especialmente rechamante na construción, actividade na que só chega ao 1,1% de ocupación, menor que a media estatal (1,4%). A presenza da muller na industria (9,4%) e levemente superior a media estatal (7,8%)
- No capítulo 4 pode comprobarse que a taxa de ocupación da muller en Galicia continúa estando moi por baixo da masculina.

Cadro 5.11

Distribución porcentual da poboación ocupada por sector económico, comunidade autónoma e sexo. 2021

	Total	Agricultura	Industria	Construcción	Servizos
Andalucía					
Homes	100,0	11,2	12,8	11,2	64,7
Mulleres	100,0	5,4	4,7	1,2	88,7
Aragón					
Homes	100,0	9,2	26,7	11,5	52,6
Mulleres	100,0	1,9	11,3	2,0	84,9
Asturias					
Homes	100,0	4,3	22,2	12,2	61,3
Mulleres	100,0	2,8	4,7	1,1	91,4
Baleares					
Homes	100,0	1,9	9,4	17,0	71,8
Mulleres	100,0	0,3	3,6	3,0	93,2
Canarias					
Homes	100,0	4,8	7,9	103,0	76,9
Mulleres	100,0	1,3	2,7	1,2	94,8
Cantabria					
Homes	100,0	2,3	23,5	14,1	60,0
Mulleres	100,0	1,8	8,5	1,0	88,7
C. León					
Homes	100,0	10,1	23,0	11,2	55,7
Mulleres	100,0	2,6	8,6	1,1	87,7
C. A Mancha					
Homes	100,0	9,9	21,2	12,0	57,0
Mulleres	100,0	3,3	7,9	1,0	87,7
Cataluña					
Homes	100,0	2,5	22,5	10,9	64,2
Mulleres	100,0	0,5	10,5	1,1	87,9
C. Valenciana					
Homes	100,0	3,3	23,0	11,0	62,8
Mulleres	100,0	1,6	9,7	1,4	87,3
Extremadura					
Homes	100,0	15,2	15,5	12,4	56,9
Mulleres	100,0	4,0	5,0	1,4	89,3
Galicia					
Homes	100,0	7,8	21,5	11,8	59,0
Mulleres	100,0	4,4	9,4	1,1	85,1
Madrid					
Homes	100,0	0,3	11,7	9,5	78,5
Mulleres	100,0	0,1	5,5	1,9	92,6
Murcia					
Homes	100,0	14,9	16,8	10,6	57,7
Mulleres	100,0	6,1	8,8	1,2	83,9
Navarra					
Homes	100,0	4,1	38,8	11,7	45,4
Mulleres	100,0	1,8	15,8	0,9	81,6
País Vasco					
Homes	100,0	1,2	32,5	8,4	57,9
Mulleres	100,0	0,5	10,7	1,1	87,7
A Rioxa					
Homes	100,0	8,7	34,5	8,9	47,9
Mulleres	100,0	3,2	18,1	1,2	77,6
Ceuta					
Homes	100,0		4,1	4,6	91,4
Mulleres	100,0		2,6	1,3	96,1
Melilla					
Homes	100,0	0,1	3,1	6,0	90,8
Mulleres	100,0		0,5	0,2	99,4
España					
Homes	100,0	5,7	18,7	11,0	64,6
Mulleres	100,0	2,1	7,8	1,4	88,8

Datos en porcentaxe.
Fonte: INE, EPA. 4º trimestre.



As taxas de paro en cada unha das comunidades españolas e a desagregación por sexos figuran no cadro 5.12, que mostra que:

- A taxa de paro das mulleres é máis de 2 puntos superior á dos homes en Galicia e con case 4 puntos de diferenza por debaixo da media española.
- As taxas de desemprego feminino son especialmente altas en Ceuta, Andalucía, Extremadura e Canarias.
- A taxa de desemprego feminino máis baixa tena Navarra 9,7%, País Vasco, co 10,01% e Aragón 12,03%

No grupo de homes as que teñen as taxas máis altas son Canarias 22,17% e Ceuta 21,85% e as máis baixas Aragón 8,49% e A Rioxa 8,63%.

Cadro 5.12

Taxas de desemprego. Por sexo e comunidade autónoma. 2021-2016

	2021		2020		2019		2018		2017		2016	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
España	13,05	16,71	13,87	17,43	12,5	15,99	13,72	17,02	14,97	18,35	17,22	20,25
Andalucía	18,5	25,44	18,82	26,53	17,84	25,22	19,76	26,94	21,63	27,85	25,70	31,38
Aragón	8,49	12,03	10,09	13,56	8,79	11,49	9,33	12,16	8,79	14,41	11,45	16,01
Asturias	11,4	13,74	13,86	14,4	13,31	15,13	12,37	14,92	13,99	15,32	14,96	14,19
Baleares	13,58	16,13	14,97	17,49	10,29	13,41	12,03	10,92	13,77	11,23	12,95	14,76
Canarias	22,17	24,27	21,45	23,94	19,3	21,85	18,90	21,42	20,02	24,32	23,45	26,55
Cantabria	10,09	13,00	11,69	12,66	9,64	11,02	9,20	12,38	13,05	13,98	12,62	13,20
Castela e León	9,44	13,7	10,61	13,79	10,02	13,57	13,29	24,05	11,29	16,61	13,27	16,67
Castela-A Mancha	11,55	20,81	13,62	22,95	12,23	21,27	10,36	14,21	15,53	25,12	18,62	26,75
Cataluña	10,37	12,85	11,91	13,42	10,59	11,51	10,95	12,09	11,85	13,49	13,91	15,89
C. Valenciana	14,00	18,11	14,33	18,37	11,79	16,86	14,00	17,46	14,77	19,07	17,49	21,02
Extremadura	15,25	24,75	18,03	26,29	16,6	27,68	19,38	29,05	21,22	30,10	24,27	33,47
Galicia	10,6	12,8	10,89	13,25	10,75	12,84	12,38	14,36	14,25	15,21	15,63	17,00
Madrid	10,66	12,47	11,57	13,45	9,81	11,47	11,62	12,85	13,00	14,53	14,15	15,08
Murcia	11,97	17,18	13,6	19,47	11,88	18,22	13,40	20,98	15,05	19,94	15,64	22,31
Navarra	11,41	9,69	9,99	10,14	7,39	9,21	9,08	11,09	7,84	11,69	9,23	10,90
País Vasco	9,65	10,01	8,68	10,45	8,89	9,43	10,09	9,84	10,52	10,63	11,95	12,64
A Rioxa	8,63	14,74	9,26	12,57	10,12	9,77	9,10	11,85	9,45	13,94	9,19	12,89
Ceuta	21,85	32,29	21,77	28,29	23,07	29,66	22,88	36,34	20,13	33,54	18,93	27,28
Melilla	17,97	22,11	20,69	27,22	22,36	32,72	21,56	31,57	20,46	30,67	21,81	35,32

Fonte: INE, EPA, media dos 4 trimestres do ano.

A desagregación por sexo do desemprego de Galicia reflíctese no cadro 5.13.


Cadro 5.13

Poboación desempregada. Por sexos. Galicia. 2020-2021

	2020	2021
Homes	77.684	68.577
Mulleres	102.568	94.869
	180.253	163.447

Datos xuño 2022.

Fonte: SEPE.



5.3. Demandas de emprego e paro rexistrado

Demandantes son as persoas que se inscriben nos servizos públicos de emprego para a busca dun emprego ou mellorar o que posúen, para recibir outros servizos alleos ao emprego (orientación para o autoemprego, formación ocupacional...) ou pola obrigatoriedade de inscribirse para recibir unha prestación por desemprego, subsidio, renda activa de inserción ou calquera tipo de prestación ou axuda.

As persoas demandantes de emprego clasifícanse en determinados colectivos de pertenza e así se calcula por exclusión a cifra de paro rexistrado, ao poder reunir a demanda dunha persoa dúas ou máis situacións. Estableceuse a seguinte orde de preferencia contabilizándose cada demandante no primeiro colectivo que aparece:

- Persoas demandantes inscritas sen dispoñibilidade
- Persoas demandantes de emprego non paradas:
 - Demandantes con baixa dispoñibilidade para o emprego
 - Demandantes ocupados/as ou con relación laboral
 - Demandantes dun emprego específico
 - Outras persoas demandantes sen emprego/non ocupadas
- Demandantes de emprego en paro
- Durante o ano 2020 e 2021, debido a crise sanitaria COVID-19, dende o mes de marzo 2020 non foi obrigatoria a inscrición como demandante de emprego para acceder as prestacións de desemprego, polo que os datos de demandantes de emprego non inclúen as persoas beneficiarias de ERTE.

As demandas de emprego pendentes de demandantes en paro a decembro 2021 foron 163.447 segundo a información do SEPE (cadro 5.13). Delas, o 41,9% correspondía ao colectivo de homes (España 41,3%) e o 58% ao de mulleres (España 58,7%).

Por tramos de idade segundo o IGE, no grupo de mulleres son as de entre 45-49 anos as que máis demandas acumulan e no caso dos homes e o de 25-29 anos.

Cadro 5.14**Poboación desempregada. Por idade e sexo.
Galicia. 2021**

	Mulleres	Homes	Total
16 a 19	1,40	1,20	2,60
20 a 24	6,50	6,40	12,90
25 a 29	10,50	10,80	21,30
30 a 34	9,90	5,70	15,60
35 a 39	10,50	8,00	18,50
40 a 44	9,80	7,80	17,60
45 a 49	10,70	6,50	17,20
50 a 54	8,10	6,70	14,80
55 a 59	6,10	8,20	14,30
60 a 64	3,20	4,00	7,20
65 e mais	0,40	0,10	0,50
Total	77,10	65,40	142,50

Datos: Miles de persoas.

Fonte: IGE-INE, Enquisa poboación activa. Maio do 2022.

Centrándonos no nivel de estudos as diferenzas tamén son apreciables xa que nos dous grupos é o colectivo de "estudos secundarios", o que acumula o maior número de demandas pendentes. As mulleres 57,2% e os homes 63%. As mulleres con educación superior teñen un peor comportamento chegando ao 38,8% de demandas de emprego pendentes, fronte ao 31,3% de homes. Os dous grupos empeoran sobre o ano anterior.

Cadro 5.15**Número de demandantes de emprego por nivel
de formación e sexo. Galicia. 2021**

	Homes	Mulleres
Analfabetos	0,0	0,2
Estudos primarios	3,9	2,8
Estudos secundarios. Primeira etapa	26,5	22,4
Estudos secundarios. Segunda etapa	16,2	20,7
Educación superior	21,2	29,3
Total Galicia	67,7	75,4

Miles de persoas

Fonte IGE-INE. Maio de 2022

Por grupo principal de ocupación segundo os datos do SEPE, as mulleres demandantes de emprego paradas solicitan en maior número as seguintes ocupacións:

- Traballadoras de servizos de restauración e comercio (28%)
- Traballadoras non cualificadas de servizos (16,9%)
- Empregadas de oficina non pública, con 10% demandas de emprego pendentes
- Traballadoras de servizos de saúde, con 10% demandas de emprego pendentes

- No colectivo masculino a profesión máis demandada segue sendo peóns agrícolas e de construción, seguida de traballadores cualificados da construción. Estas seguen sendo profesións reservadas aos homes.

Cadro 5.16

**Demandas de emprego pendentes de demandantes en paro.
Segundo grupo principal de ocupación. Decembro 2021**

	Homes	Mulleres
A Directores e xerentes	758	379
B Técnicos e profesionais saúde e ensino	997	3.416
C Outros técnicos científicos e intelectuais	4.257	5.937
D Técnicos profesionais de apoio	7.975	6.358
E Empregados oficina non públicos	2.905	8.829
F Empregados oficina públicos	733	2.885
G Traballadores servizos restauración e comercio	6.235	24.284
H Traballadores servizos saúde	1.098	8.817
I Trab. servizos protección e seguridade	1.256	201
J Traballadores cualificados agricultura e gandería	2.512	976
K Traballadores cualificados construción	8.803	125
L Traballadores cualificados industrias manufactureiras	6.783	2.587
M Operador instalacións e maquinaria	1.342	2.905
N Conductor operador maquinaria móbil	4.825	388
O Traballador non cualificado servizos	2.341	14.892
P Peóns agricultura e construción	11.880	4.846
Q Ocupacións militares	43	16
TOTAL	64.743	87.841

Fonte: SEPE.

En canto á sección da actividade económica hai que destacar o comercio como a máis demandada, seguida de hostalaría, actividades administrativas e servizos auxiliares e comercio. En España en primeiro lugar aparece o comercio, seguida da hostalaría e actividades administrativas.

Ao igual que vimos coas ocupacións máis demandadas, é a construción a sección de actividade económica onde o colectivo de homes concentra en maior medida as súas expectativas laborais, seguido de actividade de industrias manufactureiras e comercio.

Aínda que se aprecian actividades económicas igualmente demandadas por homes e mulleres, seguen existindo outras reservadas case exclusivamente ás mulleres, como actividades sanitarias e de servizos sociais, hostalaría, educación e persoal domestico.

Cadro 5.17

Poboación desempregada. Por sector económico e sexo. Galicia. 2021

	Homes	Mulleres	Total
A Agricultura e pesca	4.027	1.750	5.777
B Industria	9.439	8.869	18.308
C Construción	10.466	1.484	11.950
D Servizos	40.422	74.501	114.923
E Sen emprego anterior	4.224	8.266	12.490
Total	68.578	94.870	163.448

Fonte: IGE. Marzo 2022

As mulleres maiores de 25 anos representan o 96,4% das demandas pendentes de mulleres demandantes en paro (94% en España) fronte ao 95% dos homes demandantes en desemprego (92% en España). O 55,26% das mulleres maiores de 25 anos permanecen máis dun ano como demandantes de emprego (48,9% en homes).

Cadro 5.18

**Demandas de emprego pendentes de demandantes en paro.
Segundo idade e duración da demanda e sexo. Galicia. Decembro 2021**

Galicia	Menores de 25 anos			Maiores de 25 anos		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
< 1 mes	724	658	1.382	7.124	8.359	15.483
De 1 a <= 6 meses	1.538	1.445	2.983	17.419	20.907	38.326
De > 6 meses a <= 1 ano	455	512	967	8.770	11.677	20.447
De máis de 1 ano	633	742	1.375	31.914	50.572	82.486
Total	3.351	3.355	6.707	65.226	91.514	156.740

Fonte: IGE.

Para finalizar, faremos unha referencia ás baixas na demanda de emprego. Do total das baixas por colocación (313.785) representan o 54,4% mulleres, fronte ao 45,6% nos homes, sendo este o segundo ano onde as baixas por colocación das mulleres superan en porcentaxe as dos homes.

Cadro 5.19

**Baixas de demandas de emprego. Segundo causa da baixa.
Por sexo e por provincias. Decembro 2021**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Homes					
Por colocación	54.326	14.426	14.315	59.931	142.998
Con oferta previa	558	283	290	688	1.819
Sen oferta previa	16.812	4.404	4.359	17.472	43.047
Outras colocacións	36.956	9.739	9.666	41.771	98.132
Non renovación	24.658	6.049	7.547	24.198	62.452
Outras causas	9.829	1.767	1.827	6.223	19.646
Total	143.139	36.668	38.004	150.283	368.094
Mulleres					
Por colocación	65.571	18.382	17.044	69.790	170.787
Con oferta previa	536	234	212	479	1.461
Sen oferta previa	17.293	4.875	4.599	17.361	44.128
Outras colocacións	47.742	13.273	12.233	51.950	125.198
Non renovación	25.606	6.937	8.503	26.358	67.404
Outras causas	13.184	2.688	2.332	8.205	26.409
Total	169.932	46.389	44.923	174.143	435.387

Fonte: IGE.

5.4. Contratos de traballo

No capítulo 7, dedicado á contratación, móstranse os datos facilitados polo SEPE por tipos de contratos e sexo, que servirán como información complementaria para este capítulo.

No ano 2021 a contratación feminina supuxo o 47,6% do total da contratación mellorando lixeiramente con respecto ao ano 2020, tanto de contratos iniciais, coma de conversión en indefinidos, e adscricións en colaboración social. Se o desagregamos, os contratos iniciais supuxeron o 47,8% e as conversións o 43,4% do total de ambos os dous sexos, sempre por debaixo da contratación masculina.

Se facemos unha análise por nivel de formación, observamos que a contratación feminina é inferior á masculina en todos os niveis agás no de estudos superiores, chegando ao 54,3%.

Cadro 5.20

Contratos rexistrados segundo xénero e modalidade do contrato do nivel de formación. Galicia 2018-2021

	2018		2019		2020		2021	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
TOTAL CONTRATOS								
Total contratos rexistrados	517.748	567.378	519.671	566.450	351.886	397.331	481.070	437.144
Total contratos iniciais	498.334	540.691	500.232	542.703	337.223	379.290	455.196	417.231
Conversións a indefinidos	19.414	23.687	19.439	23.747			25.874	19.913
ANALFABETOS								
Total contratos rexistrados	12.252	22.305	12.470	23.262	8.540	15.911	18.069	11.876
Total contratos iniciais	11.770	21.720	12.082	22.790	8.309	15.549	17.368	11.445
Conversións a indefinidos	482	585	388	472			431	701
ESTUDOS PRIMARIOS								
Total contratos rexistrados	112.883	140.720	118.194	141.071	77.061	98.743	120.093	97.157
Total contratos iniciais	106.818	134.689	113.978	134.671	73.914	93.974	112.683	92.642
Conversións a indefinidos	4.065	6.031	4.216	6.400			4.515	7.410
ESTUDOS SECUNDARIOS								
Total contratos rexistrados	308.814	342.742	303.425	340.552	202.574	232.820	279.595	251.859
Total contratos iniciais	298.020	329.089	292.994	327.271	194.848	222.791	265.538	241.544
Conversións a indefinidos	10.794	13.653	10.431	13.281			10.315	14.057
ESTUDOS SUPERIORES								
Total contratos rexistrados	82.800	58.557	84.599	61.524	62.956	49.813	63.258	75.298
Total contratos iniciais	78.727	55.139	80.195	57.930	59.397	46.932	59.552	70.646
Conversións a indefinidos	4.073	3.418	4.404	3.594			4.652	3.706
SEN CLASIFICAR								
Total contratos rexistrados	999	54	983	41	755	44	55	954
Total contratos iniciais	999	54	983	41	755	44	55	954
Conversións a indefinidos	0	0	0	0			0	0

Fonte: Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.



Outra característica dos contratos concertados con mulleres é que son maioritariamente no sector servizos.

Segundo o seguinte cadro o 83% (82,6% en 2020) das mulleres traballadoras galegas exercen a súa profesión no sector servizos. O segundo sector de importancia é a industria, onde traballa o 14,7% (15% en 2020) e a agricultura co 1,6% (1,7% en 2020). Na construción a representación feminina é moi escasa, non alcanza o 1%.

Cadro 5.21**Contratos rexistrados nos catro grandes sectores de actividades económicas (clasificación CNAE 2009) por sexo. Galicia. 2020-2021**

	2020		2021	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Agricultura	6.196	24.741	7.059	24.849
Industria	52.907	83.733	64.604	100.641
Construción	2.138	33.930	2.658	39.045
Servizos	290.645	254.927	362.823	316.835
Total	351.886	397.331	437.144	481.370

Fonte: IGE.



O sector servizos é o único onde a contratación feminina supera a masculina representando un 53% do total dos contratos realizados neste sector. Dentro deste sector, as actividades de comercio e hostalaría concentran o maior número de mulleres traballadoras do total do sector servizos.

Cadro 5.22**Contratos sectoriais por seccións (clasificación CNAE) e sexo. Galicia. 2020-2021**

	2020			2021		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
A Agricultura, gandería, caza e selvicultura e pesca	6.011	23.710	29.721	7.059	24.849	31.908
B Industrias extractivas	17	488	505	56	673	729
C Industrias manufactureiras	49.971	75.614	125.585	63.118	95.373	158.491
D Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	97	149	246	119	236	355
E Subministración de auga, saneamento, residuos descontaminación	1.131	3.437	4.568	1.311	4.059	5.370
F Construción	1.834	31.110	32.944	2.658	39.045	41.703
G Comercio por xunto e polo miúdo, reparación vehículos motor	49.513	35.589	85.102	66.071	46.753	112.824
H Transporte e almacenamento	20.537	77.238	97.775	22.763	91.427	114.190
I Hostalaría	58.773	41.962	100.735	85.647	63.309	148.956
J Información e comunicacións	7.616	11.094	18.710	10.094	14.266	24.360
K Actividades financeiras e de seguros	2.302	1.083	3.385	2.643	1.040	3.683
L Actividades inmobiliarias	441	262	1.074	638	353	991
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	9.615	7.975	17.590	12.598	11.299	23.897
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	33.329	23.725	57.054	44.512	29.541	74.053
O Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	12.718	7.726	20.444	15.077	8.689	23.766
P Educación	15.286	8.372	23.658	18.620	10.048	28.668
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	37.422	6.773	44.195	43.204	8.050	51.254
R Actividades artísticas recreativas e de entretemento	12.535	18.188	30.723	19.210	26.193	45.403
S Outros servizos	7.999	4.276	12.275	10.857	5.318	16.175
T Actividades dos fogares e uso propio	10.021	471	10.492	10.806	492	11.298
U Organizacións extraterritoriais	56	47	103	83	57	140
Total	337.224	379.289	716.884	437.144	481.070	918.214

Fonte: SEPE.

De acordo a información do SEPE, a distribución do emprego feminino está moi ligada ás ocupacións que desempeñan, por iso é importante analizar como se distribúen os empregos segundo a ocupación.

Se ben é certo que hai pouca representación de mulleres en postos de dirección de empresas, só o 30% fronte ao 70% de homes, as porcentaxes de mulleres aumentan en técnicas e profesionais de saúde e do ensino (77,8%) e traballadoras de servizos de saúde e coidado de persoas (86,7%). O maior número de mulleres con formación superior ou universitaria está a ter reflexo no mercado de traballo, e a medio ou longo prazo ten que repercutir en que pasen a ocupar postos de dirección e, polo tanto, tamén repercutan nos niveis salariais.

Outro grupo de ocupación con gran representación feminina é o das empregadas en servizos de restauración e comercio (75%) do total das persoas contratadas.

Entre as persoas traballadoras cualificadas da construción a presenza da muller é moi escasa (2%) e no grupo de persoas traballadoras cualificadas de agricultura a representación masculina tamén é moi superior á feminina.

Podemos concluír que, no referente aos grupos de ocupación, existen dúas tendencias:

- Un grupo maioritario que desempeña as súas funcións como empregada administrativa ou como traballadora de servizos de restauración, persoais e do comercio.
- Un grupo minoritario que, grazas á obtención dun título universitario, ocupa postos técnicos e profesionais en saúde e ensino e outros técnicos científicos e intelectuais.

Como expuxemos ao inicio deste apartado, a contratación masculina foi superior á feminina e foino especialmente nos contratos de obra e servizo e eventuais por circunstancias de produción.

A contratación segundo modalidade e sexo pódese consultar nos cadros do capítulo 7.

Hai determinadas modalidades de contratación con maior peso feminino e outras onde o peso dos homes é moito maior. Entre os claramente femininos destacan os de interinidade 70% (72,3% en 2020) e os que se realizan a tempo parcial, tanto indefinidos coma temporais.

Este ano o contrato para a formación realizado a mulleres (48,5%) no supera os concertados con homes, descendendo respecto de anos anteriores, e o de prácticas baixa de novo e chega ao 43,6% despois de varios anos de superioridade feminina.

Os contratos temporais, tanto a xornada completa coma parcial, alcanzan no colectivo feminino o 90,7% da contratación a mulleres, igualándose case ao colectivo masculino que chega ao 89,7%.

Os contratos indefinidos, tanto a xornada completa coma parcial, supuxeron o 4,7% nas mulleres nos dous anos e o 4,9% nos homes e as conversións en indefinidos distáncianse do grupo de homes chegando só ao 43,4% para o colectivo feminino.

Mantense a tendencia dos últimos anos, onde a contratación feminina está caracterizada por un maior uso do contrato a tempo parcial, 63,5%, fronte ao 36,5% no grupo de homes.


A contratación indefinida tamén é inferior no grupo de mulleres, 46,7% fronte ao 53,5% no grupo de homes.

Cadro 5.23

Tipoloxía contractual por sexo. 2019-2021

	2019		2020		2021	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Indefinido (bonif. / non bonif.)	21.184	25.460	16.543	19.079	20.648	23.540
Obra ou servizo	133.938	201.027	100.123	147.371	114.147	161.163
Eventual circunstancias produción	271.300	278.678	164.690	187.074	219.669	237.678
Interinidade	66.452	26.492	51.947	19.939	56.726	23.910
Prácticas	2.427	2.629	1.471	1.747	1.779	2.303
Formación	1.309	1.165	608	681	1.665	1.766
Outros	3.622	7.222	1.841	3.399	2.597	4.836
Conversión a indefinidos	19.439	23.747	14.663	18.041	19.913	25.874
Total	519.671	566.420	351.886	397.331	437.144	481.070

Fonte: SEPE.



5.5. Formación

Outro factor importante a ter en conta na inserción da muller no mundo do traballo é, sen dúbida, a formación académica á que accede o alumnado feminino como fase previa ao seu acceso ao mercado laboral.

Neste apartado imos tratar a formación regrada. Dentro da formación regrada centrarémonos nos ciclos formativos de grao superior, bacharelato e titulacións universitarias, por consideralos máis significativos, e para iso imos utilizar os datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

No alumnado matriculado nos ciclos formativos de grao superior observamos que o 43,8% eran mulleres, mantendo a tendencia de outros anos.

O alumnado matriculado en bacharelato, segundo o IGE, mostra que as mulleres matriculadas representan en Galicia o 53,6%, máis de 7 puntos sobre a media masculina do 46,3%, confirmándose novamente a necesidade dunha maior formación do colectivo feminino para enfrontarse ao mundo do traballo.


Cadro 5.24

Alumnado matriculado en ciclo formativo de FP grao superior, por sexo. Curso 2019/2021. Galicia

Galicia	2021			2020			2019		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	19.801	11.125	8.676	18.061	9.987	8.074	17.437	9.558	7.879

Unidade: nº de alumnos/as

Fonte: IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.




Cadro 5.25

Ensino non universitario. Alumnado matriculado en bacharelato, por sexos. Curso 2019/2021. Galicia

Galicia	2021			2020			2019		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	32.874	15.241	17.633	31.390	14.604	16.786	30.502	14.203	16.299

Unidades: nº de alumnos/as.

Fonte: IGE, información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.



O abandono educativo temperán das persoas que non completaron o nivel de educación secundaria e non seguen ningunha formación é sensiblemente superior nos homes, superando en máis de 5 puntos ás mulleres, 8 puntos en 2019 e 7 puntos en 2020. Tal vez as dificultades que ten a muller para iniciarse no mercado laboral sexa unha das razóns para que persistan na súa formación académica.


Cadro 5.26

Abandono educativo temperán. Poboación entre 18 e 24 anos (ambos inclusive) que non completou o nivel de educación secundaria segunda etapa e non segue ningún tipo de formación (regrada ou non regrada). Galicia. 2010-2021

	Total	Homes	Mulleres
2010	23,1	27,8	18,3
2011	20,8	25,5	15,8
2012	23,1	27,1	18,8
2013	20,4	25,0	15,4
2014	18,5	21,7	15,2
2015	17,0	21,9	11,9
2016	15,2	19,1	11,2
2017	14,9	17,9	11,8
2018	14,3	17,0	11,4
2019	12,6	16,7	8,2
2020	12,00	15,50	8,20
2021	8,1	10,6	5,5

Unidades: Porcentaxes.

Fonte: IGE-INE, Enquisa de poboación activa.



Segundo o IGE, no ensino universitario en Galicia para o curso 2020, último dispoñible, o alumnado feminino era superior ao masculino, chegando ao 55,5%.

A porcentaxe media do 55,5% varía moito segundo a especialidade elixida:

As especialidades nas que é significativamente maior o número de mulleres son:

- Ciencias da saúde
- Arte e humanidades
- Ciencias sociais e xurídicas

As especialidades con máis baixa representación feminina son as de enxeñaría e arquitectura.

Como pode observarse, seguen existindo titulacións e especialidades reservadas case exclusivamente ás mulleres, aínda que parece que pouco a pouco vanse producindo movementos cara a outras áreas.

Cadro 5.27

**Alumnado matriculado en ensino universitario,
segundo rama de coñecemento e sexo. Curso 2020. Galicia**

	Total	Mulleres	% de Mulleres
Total	61.175	33.961	55,5
Ciencias da saúde	10.492	7.661	73,0
Ciencias	5.695	3.207	56,3
Ciencias Sociais e Xurídicas	26.432	15.941	60,3
Enxeñería e Arquitectura	12.196	3.282	26,9
Artes e Humanidades	5.945	4.011	67,5

Unidades: nº de alumnos/as.

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

É moi significativo constatar que do alumnado que finaliza os seus estudos universitarios no ano 2020, últimos datos dispoñibles, o 60,8% son mulleres.

É de destacar que se ben o 55,5% das persoas matriculadas eran mulleres, do total das que finalizaron os seus estudos o colectivo feminino supuxo o 60,8%, fronte ao 39,2% de homes.

Cadro 5.28

**Estudantes con titulación nas universidades galegas por sexo.
Curso 2020. Galicia**

	Total	Mulleres	% de mulleres
Titulados/as universitarios	12.138	7.378	60,80

Unidades: nº de alumnos/as.

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

5.6. Poder e toma de decisións

A idea de participación equilibrada de homes e mulleres nos procesos de toma de decisións incorporouse progresivamente en recomendacións de Nacións Unidas, Unión Europea e Consello de Europa. Este último adoptou a recomendación dunha participación feminina non inferior ao 40% en calquera órgano de decisións para alcanzar o equilibrio e esa porcentaxe foi establecida como mínimo na lexislación nacional, por medio da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, para alcanzar unha composición equitativa en todos os ámbitos claves da toma de decisións.

En 2021 a representatividade que teñen as mulleres nos altos cargos da Administración do Estado chegou ao 43,7%, aumentando os niveis de anos anteriores

e chegando as recomendacións do 40%, excepto Secretarías de Estado onde só se chega ao 34,62%.

Cadro 5.29

Distribución por sexo de altos cargos da Administración do Estado en porcentaxe de mulleres. 2021/2016

	2021	2020	2019	2018	2017	2016
Total ambos os sexos	295	301,00	241,00	252,00	202,00	204,00
Presidencia do Goberno, Vicepresidencia e Ministerios	60,87	47,83	58,80	61,10	35,70	27,30
Secretarías do Estado	34,62	46,15	44,00	43,50	29,20	25,00
Subsecretarías e Secretarías Xerais	40,79	40,79	38,30	39,70	30,20	36,50
Direccións Xerais e Secretarías Xerais Técnicas	44,12	43,75	42,50	39,00	27,90	27,40
Total en porcentaxe %	43,73	43,52	42,80	41,20	29,21	29,41

Fonte: Elaboración do Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades, a partir dos datos facilitados polo Ministerio de Hacienda y Función Pública.

Outra mostra do papel da muller no poder e toma de decisións é a súa presenza no Goberno, que no ano 1982 era de cero. Neste cadro pódese ver a evolución da representación da muller dende 2000, pasando do 17,6% dese ano, ata alcanzar o 52,94% en 2008 e 2009. No ano 2011 produciuse unha redución, quedando a participación feminina nun 30,77% e en 2018 prodúcese un aumento e chega ata o 61,11%. No 2019 continúa a mesma tendencia chegando a 62,5% en novembro de 2019, pero en 2020 prodúcese un retroceso quedando en 47,8% e subindo de novo en xullo 2021 cun 60,87%.

Cadro 5.30

Mulleres no Goberno en %

	Xullo 21	Marzo 21/ xullo 2021	Xaneiro 20/ xaneiro 21	XIV lexislatura	XIII lexislatura	2018 (xuño)	2018 (marzo)	2016	2015	2011	2010	2009	2008	2007	2006	2005	2004	2003 ⁽¹⁾	2003	2002	2000
Partido no Goberno	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE 2020	PSOE 2019	PSOE	PP	PP	PP	PP	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PP	PP	PP	PP
Ambos sexos	23	23	23	18	16	18	14	14	14	13	15	17	17	16	16	16	16	16	16	16	17
% de mulleres	60,87	52,17	47,83	44,44	62,5	61,11	35,71	35,71	28,47	30,77	46,67	52,94	52,94	43,75	50	50	50	31,25	25	18,75	17,65

Fonte: Elaboración do Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades a partir dos datos publicados na Web do Goberno de España.

A representación da muller nos Parlamentos autonómicos alcanzou en 2021 unha media do 47,18%.

En 2021 a maior presenza feminina dáse en Galicia cun 52%, 53,3% en 2020, e en Navarra cun 52% e a menor en Castela-A Mancha cun 42,42% e Cantabria 42,86%

En Galicia a representación dáse un descenso de 1,3 puntos sobre o ano anterior. E destacable o aumento do 2020 (53,3%) sobre o ano anterior 2019 (45,33%).

Cadro 5.31

Composición dos Parlamentos autonómicos*. 2010-2021

	2010	2011	2012	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Total	42,2	43,1	43,2	44,6	45,1	45,43	45,43	46,19	46,34	47,18
Andalucía	45,9	45,9	47,7	49,5	49,5	49,54	49,54	49,54	45,87	45,87
Aragón	35,8	32,8	32,8	47,8	47,8	47,76	47,76	47,76	49,25	49,25
Asturias	33,3	42,2	42,2	48,9	48,9	48,89	48,89	47,83	44,44	44,44
Baleares	49,2	45,8	45,8	47,5	47,5	47,46	47,46	47,46	47,46	46,55
Canarias	40,0	36,7	36,7	53,3	53,33	53,33	53,33	44,29	44,29	44,29
Cantabria	40,5	43,6	43,6	38,9	38,9	38,89	38,89	40,54	42,86	42,86
Castela e León	43,4	66,7	66,7	41,7	41,7	41,67	41,67	43,21	43,21	43,21
Castela-A Mancha	53,2	46,9	46,9	42,4	42,4	42,42	42,42	45,45	42,42	42,42
Cataluña	41,5	41,5	40,0	40,0	39,3	42,54	42,45	42,54	42,96	46,67
C. Valenciana	45,5	40,4	40,4	44,4	44,4	44,44	44,44	47,47	48,48	49,49
Estremadura	40,0	40,0	40,0	47,7	47,7	47,69	47,69	44,62	43,08	43,08
Galicia	40,0	40,0	40,0	40,0	45,3	45,33	45,33	45,33	53,33	52,00
Madrid	42,5	44,2	44,2	42,6	42,6	42,64	42,64	46,21	46,21	48,23
Murcia	39,1	40,0	40,0	35,6	35,6	35,56	35,56	44,44	48,89	48,89
Navarra	38,0	34,0	34,0	48,0	48,0	48,00	48,00	50,00	52,00	52,00
País Vasco	45,3	39,4	49,3	49,3	53,3	53,33	53,33	53,33	50,67	48,48
A Ríoxa	39,4	45,3	39,4	45,5	45,5	45,45	45,45	48,48	48,48	50,67
Ceuta	40,0	40,0	40,0	40,0	40,0	40,00	40,00	44,44	40,00	44,00
Melilla	40,0	40,0	40,0	40,0	40,0	40,00	40,00	40,00	40,00	48,00

*En porcentaxe.

Fonte: Elaboración del Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades a partir das páxinas web dos Parlamentos autonómicos.

A participación das mulleres na Comisión Europea é máis igualitaria, co 50% de comisarias, e unha media do 48,15% de participación, só as vicepresidentas están debaixo da media cun 37,5%.

Cadro 5.32

Participación da muller na Comisión Europea. 2018-2021

	2021	2020	2019	2018
% de mulleres	48,15	48,15	30,77	32,1
Presidencia	100	100,00	0,00	0,0
Vicepresidentas	37,5	37,50	20,00	16,7
Vicepresidenta primeira				
Alta representante				
Vicepresidentas				
Comisarias	50	50,00	35,00	38,1

Fonte: Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades.

O cadro 5.33 sobre a participación da muller nos Parlamentos Nacionais dos países membros da Unión Europea pon de manifesto en 2021 que non se chega ao mínimo do 40% a nivel total (33,17%), existindo grandes diferenzas segundo os países. Os mellores datos temos Suecia (47,56%) e Finlandia (46%) e os peores Hungría 13,07% e Malta con 13,43%.

En España en 2021 a representación da muller no Parlamento alcanzou o 43,27%, por encima da media.

Cadro 5.33
Mulleres nos parlamentos nacionais dos países europeos. 2020

	% Mulleres	
	2021	2020
UE-27	33,17	32,70
Alemaña	34,65	31,50
Austria	40,44	39,30
Bélxica	42,00	41,30
Bulgaria	24,58	27,10
Chipre	14,29	20,00
Croacia	31,79	31,10
Dinamarca	41,34	39,70
Eslovaquia	21,33	22,70
Eslovenia	27,78	26,70
España	43,27	43,70
Estonia	26,73	28,70
Finlandia	46,00	46,00
Francia	41,58	41,20
Grecia	21,33	21,70
Hungria	13,07	12,10
Irlanda	23,13	22,50
Italia	36,25	35,90
Letonia	28,00	31,00
Lituania	28,37	24,30
Luxemburgo	35,00	31,70
Malta	13,43	12,10
Países Baixos	40,67	32,70
Polonia	28,26	28,10
Portugal	40,87	40,00
R. Checa	24,50	23,00
Reino Unido		33,85
Romanía	20,61	22,00
Suecia	47,56	47,90

Fonte: Instituto Europeo da Igualdade de Xénero.

Os datos ofrecidos nalgúns dos cadros anteriores e seguintes non están desagregados por CC.AA, pero aínda así os seus resultados son significativos e extrapolables, aínda que con particularidades, á situación galega.

Segundo información, datos de xullo/21, últimos dispoñibles, do Boletín estatístico do persoal ao servizo das Administracións públicas do rexistro central de persoal do Ministerio de Política Territorial e Función Pública aínda que a porcentaxe de funcionarias (57,6% en España e 59,4% en Galicia) é superior á de funcionarios, a medida que ascendemos no complemento de destino o número de mulleres diminúe.

So nas Forzas Armadas e Corpos de Seguridade a porcentaxe de homes supera á de mulleres (12,1%).

A presenza das mulleres na administración autonómica, Xunta de Galicia, sube ata o 70,10% fronte ao 29,9% de homes.

A representación feminina en órganos constitucionais como o Consello de Estado, Consello Xeral do Poder Xudicial, Tribunal de Contas, Valedor do Pobo, Xunta Electoral Central e Consello Económico e Social, segue sendo menor que a dos homes, pero vanse acortando distancias.


En 2021 a participación máis baixa obsérvase no Consello Económico e Social 27,59% (24,5% en 2020). No Consello de Estado 41,94 (42,4% en 2020 e 33,3% en 2019), no Tribunal de Contas 50% (46,5% en 2020 e 41,7% en 2019) e na Xunta Electoral Central cun 40%.

Cadro 5.34

Representación de mulleres en diversos órganos constitucionais. España 2021

TOTAL	Ambos sexos % de mulleres	
	139	
Consello de Estado	31	41,94
Consello Xeral do Poder Xudicial	22	40,91
Tribunal de Contas	12	50,00
Valedor do Pobo	1	0,00
Xunta Electoral Central	15	40,00
Consello Económico e Social	58	27,59

Fonte: Elaboración do Instituto da Muller a partir de datos publicados en páxinas web. Novembro 2021



A participación feminina na carreira xudicial no ano 2017, últimos dispoñibles, é do 60,09%. Pero a medida que se ascende na carreira xudicial a porcentaxe diminúe.

En categorías de xudicatura a participación é maioritariamente feminina (64,53%), pero só alcanza o 14,12% no caso de maxistradas do Tribunal Supremo.

A proporción de mulleres na carreira Fiscal, de acordo cos datos do Consello Xeral do Poder Xudicial, en 2021 era do 40,68% mellorando sobre anos anteriores (38,94% en 2020)

5.7. Conciliación entre a vida laboral e familiar

Talvez sexa a conciliación entre a vida laboral e familiar un dos maiores condicionantes do acceso da muller ao mundo laboral. Os efectos negativos das

dificultades de conciliación seguen recaendo sobre as mulleres: a falta de repartición equitativa das responsabilidades familiares e a ausencia de infraestruturas axeitadas e suficientes para atender a nenos e dependentes contribuíron ao escaso cambio producido.

O cadro 5.35, correspondente aos anos 2019-2020, últimos dispoñibles, móstranos a nivel de toda España que o 80,4,% das excedencias para o coidado de familiares son solicitadas por mulleres e a nivel de Galicia alcanzouse o 76,6%, mellorando sobre anos anteriores.

Cadro 5.35**Excedencia por coidados familiares. Galicia/España. 2019-2020**

	Ambos os sexos		Mulleres	
	2019	2020	2019	2020
Galicia	355	364	270	279
España	12.058	11.497	9.798	9.239


Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social.

O cadro 5.36 serve para confirmar o papel da muller como responsable do coidado dos fillos e fillas, cunha porcentaxe moi superior de familias monoparentais femininas (81,35% en 2020), fronte ao 18,65% de monoparentais masculinas.

Cadro 5.36**Núcleos familiares monoparentais
por sexo en miles. 2015-2020**

	Ambos sexos	Porcentaxe monoparentais femininos
2020	1.944,80	81,35
2019	1.887,50	81,09
2018	1.878,50	81,88
2017	1.842,40	83,04
2016	1.964,90	80,98
2015	1.897,40	81,25

Fonte: Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades.



As excedencias por coidado de fillas e fillos en Galicia correspondentes a 2020, último ano dispoñible, móstrannos que nese ano o 88,3% das excedencias eran solicitadas por mulleres e o 11,7% de homes. A tendencia dos últimos anos reflicte un leve aumento nas solicitudes de homes. Nese ano en España o 88,9% destas excedencias concedéronse a mulleres.

Cadro 5.37

Excedencias por coidado de fillas/os. Galicia/España. 2011-2020

	España		Galicia	
	Total	% nais	Total	% nais
2011	34.128	95,52	555	93,69
2012	29.651	94,98	536	94,22
2013	28.038	94,50	537	94,23
2014	31.435	94,02	556	92,63
2015	36.195	93,33	683	90,92
2016	40.517	92,63	910	91,65
2017	43.899	92,34	935	92,30
2018	45.249	91,28	1066	90,15
2019	47.388	90,93	1154	91,85
2020	43.226	88,99	1216	88,32

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Tesorería Xeral da Seguridade Social.

Para completar este apartado incluímos o cadro sobre "Poboación ocupada a tempo parcial por motivo da xornada parcial" do Instituto da Muller sobre datos da EPA.

Aínda que os datos non están desagregados por CC.AA, parece significativo que do total de persoas que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos, nenas ou persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores, o 94,9% en 2021, e o 93,9% en 2020 sexan mulleres e o 84,4% (94,7% en 2020 e o 90,7% en 2019) do total de persoas traballadoras a tempo parcial con obrigas familiares ou persoais tamén sexan mulleres.

Destaca, igualmente, que sexan mulleres o 74,7% (72,64% en 2020 e o 72,3% en 2019) das persoas que non puideron encontrar traballo a xornada completa, empeorando sobre anos anteriores, e que tamén o sexan o 78,8% en 2021 das que non queren traballar a xornada completa, xurdindo a dúbida de se realmente a elección de traballar a tempo parcial é libre ou imposta por un cúmulo de factores externos, algúns deles imperceptibles. O dato alentador é a leve baixada do número de mulleres nesta situación.

Cadro 5.38

Persoas ocupadas a tempo parcial por motivo da xornada parcial. España. 2016-2021

		2016	2017	2018	2019	2020	2021
Ambos sexos	Total	2.833,0	2805,4	2894,8	2944,8	2799,1	2.738,00
	Seguir cursos de ensinanza ou formación	163,7	205,1	227,8	264,9	196,2	267,1
	Enfermidade ou incapacidade propia	32,7	32,4	38,4	41,3	41,2	47,7
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou	260,4	281,7	343,2	306,8	293,1	355,2
	Outras obrigas familiares ou persoais	143,7	142,2	165,9	193,5	150,2	157,4
	Non poder encontrar traballo de xornada completa	1.714,9	1607,3	1527,1	1501,8	1494,8	1399,2
	Non querer traballo de xornada completa	235,6	233,8	272,4	308,5	268	220,2
	Outros motivos	275,0	294,7	0	318,9	347,1	281,3
% Mulleres	Non sabe o motivo	7,0	8,1	11,9	9,2	8,7	9,8
	Total	72,61	73,86	74,59	74,13	74,37	75,62
	Seguir cursos de ensinanza ou formación	52,84	59,19	58,17	57,49	56,37	63,87
	Enfermidade ou incapacidade propia	55,96	74,07	69,53	62,95	70,39	66,04
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou	96,04	95,21	95,22	93,97	93,93	94,96
	Outras obrigas familiares ou persoais	90,68	92,05	93,73	90,7	94,67	84,43
	Non poder encontrar traballo de xornada completa	69,92	71,14	71,51	72,29	72,64	74,69
	Non querer traballo de xornada completa	78,82	82,81	81,5	81,65	79,78	78,84
	Outros motivos	66,15	62,95	63,44	61,68	63,44	61,46
	Non sabe o motivo	72,86	62,96	70,59	69,57	55,17	66,33

Unidade: Miles de persoas. 2022

Fonte: Cadro elaborado polo Instituto da Muller, a partir de datos do INE, EPA.

5.8. Salarios

Continuando a tendencia dos apartados anteriores deste capítulo, o sexo parece ser tamén un factor determinante das diferenzas salariais.

O informe da Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2020" reflicte que as mulleres galegas percibiron un salario medio anual de 17.720 euros fronte aos 21.887 dos homes, o que supón que as mulleres percibiron un 19,1% menos que os homes polo traballo realizado (20,5% en 2019 e 21,4% en 2018).

A media total das CC.AA. no grupo de mulleres chegou aos 18.047 euros (2020), fronte aos 22.640 dos homes, percibindo o colectivo feminino un 20,3% menos que os homes.

A muller galega cobra menos que a media feminina estatal e que a media no conxunto do Estado.

A evolución é lenta dende o ano 2000, chegando ao 26,94% en 2006 e 26,28% en 2007. Pero dende o ano 2008 as diferenzas diminúen e mantéñense en valores similares nos anos 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013. En 2014 vólvese producir unha pequena redución nas diferenzas salariais que permanecen en 2015, 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020.

Cadro 5.39

Poboación asalariada por comunidades autónomas e sexo. 2019-2020

	2019				2020			
	Total		Mulleres	Homes	Total		Mulleres	Homes
	Salario medio anual	%*	Salario medio anual	Salario medio anual	Salario medio anual	%*	Salario medio anual	Salario medio anual
Andalucía	16.510	78,41	14.429	18.402	16.514	78,86	14.403	18.263
Aragón	20.736	76,46	17.786	23.261	20.844	77,57	18.026	23.239
Asturias	21.311	74,64	18.091	24.238	21.191	76,69	18.292	23.851
Baleares	19.834	84,47	18.104	21.432	18.411	85,89	16.939	19.722
Canarias	17.701	87,36	16.455	18.836	16.635	88,88	15.613	17.567
Cantabria	20.078	76,64	17.295	22.567	20.011	78,07	17.430	22.327
Castela a Mancha	18.176	79,94	15.916	19.911	18.383	82,03	16.353	19.935
Castela León	19.811	78,18	17.244	22.057	19.970	79,86	17.605	22.045
Cataluña	23.122	77,77	20.111	25.860	22.864	79,29	20.111	25.363
C. Valenciana	18.953	78,50	16.515	21.038	18.966	80,10	16.721	20.876
Extremadura	15.476	83,44	13.968	16.740	15.717	85,28	14.366	16.845
Galicia	19.879	79,46	17.511	22.038	19.900	80,96	17.720	21.887
C. de Madrid	26.721	74,53	22.685	30.439	26.801	75,32	22.890	30.389
Rexión de Murcia	17.460	79,24	15.225	19.214	17.914	81,30	15.857	19.504
A Rioxa	19.580	78,81	17.147	21.757	19.503	80,17	17.247	21.514
Ceuta	23.246	76,97	19.734	25.639	23.439	76,06	19.805	26.037
Melilla	21.666	82,02	19.177	23.381	22.042	84,17	19.844	23.575
Total	20.566	78,37	17.927	22.875	20.503	79,71	18.047	22.640

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home.

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2020.

No cadro 5.40 apreciamos que as diferenzas salariais non son iguais segundo que rama de actividade económica se trate. As maiores diferenzas aprécianse na ramas de outros servizos persoais e de ocio cun 31,4% menos, seguido de servizos a empresas, onde a muller gaña un 27,1% menos que o home e entidades financeiras e aseguradoras cun 26,3% menos.

As menores diferenzas encontrámolos en construción e servizos inmobiliarios, onde a muller percibe o 89,7% do salario masculino, probablemente porque as poucas mulleres que traballan neste sector fano como tituladas superiores, e en servizos sociais con 82,7%.

Hai que ter en conta que estas diferenzas salariais están provocadas en boa medida porque a muller está contratada nunha maior proporción a tempo parcial, con contratos temporais, que se incorporan máis tarde ao mercado laboral e que interrompen a súa vida profesional para a atención dos fillos e fillas ou de persoas dependentes.

Cadro 5.40**Salarios medios por sector de actividade económica e sexo. Galicia/España. 2020**

	España		Galicia		%*
	Homes	Mulleres	Mulleres	Homes	
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	9.395	6.105	12.708	16.387	77,55
Industria extractiva, enerxía e auga	31.235	25.075	23.614	30.529	77,35
Industria	25.935	19.956	17.865	23.662	75,50
Construción e servizos inmobiliarios	18.920	17.949	17.200	19.177	89,69
Comercio, reparacións e transporte	21.046	15.068	15.195	20.658	73,56
Información e comunicacións	35.608	27.464	21.521	28.148	76,46
Entidades financeiras e aseguradoras	52.306	36.236	29.478	39.970	73,75
Servizos ás empresas	21.723	15.208	13.339	18.286	72,95
Servizos sociais	29.910	24.093	24.279	29.367	82,67
Outros servizos persoais e de ocio	11.244	7.646	7.142	10.414	68,58

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home en Galicia.

Fonte: Elaboración propia cos datos do Informe da Axencia Tributaria Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2020.

A partir dos datos facilitados pola Axencia Tributaria observamos que en 2020 o 23,3% (20,8% en 2019) tiveron ingresos por salarios inferiores ao 50% do salario mínimo interprofesional (SMI) e o 23,4% tivéronos entre o 50% e o 100%. Isto supón que o 46,7% (41,6% en 2019) das mulleres tiveron en 2020 ingresos non superiores ao SMI. Os homes con salarios inferiores ao 50% do SMI foron o 16,8% (15% en 2019) e con salarios entre o 50% e o 100% foron o 15,7% (13% en 2019), mellores datos que no grupo de mulleres.

Cos salarios máis altos acontece á inversa, é unha porcentaxe moi baixa de mulleres as que perciben salarios altos. Só 393 mulleres tiveron salarios 10 veces superiores ao SMI, fronte a 1.764 homes.

Cadro 5.41**Poboación asalariada por tramos de salario e sexo. Galicia/España. 2019-2020**

	2020		2019	
	Galicia		Galicia	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
De 0 a 0,5 SMI	89.801	113.805	83.064	104.569
De 0,5 a 1 SMI	84.158	114.405	71.328	104.656
De 1 a 1,5 SMI	131.502	100.643	131.378	123.046
De 1,5 a 2 SMI	90.325	58.387	107.141	65.258
De 2 a 2,5 SMI	44.617	32.886	52.120	34.636
De 2,5 a 3 SMI	35.338	28.829	39.464	28.894
De 3 a 3,5 SMI	21.254	17.650	23.267	18.324
De 3,5 a 4 SMI	12.185	7.927	14.408	9.579
De 4 a 4,5 SMI	7.700	4.046	8.714	4.424
De 4,5 a 5 SMI	5.023	3.029	5.872	3.188
De 5 a 7,5 SMI	10.247	5.575	11.646	6.041
De 7,5 a 10 SMI	1.959	606	2.399	710
Máis de 10 SMI	1.520	325	1.764	393
Total	535.629	488.113	552.565	503.718

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de Traballo e pensións nas fontes tributarias: 2020.

A Enquisa anual de estrutura salarial do ano 2020 do INE, última dispoñible, confirma os datos anteriores.

En Galicia o salario medio bruto anual total en 2020 do colectivo feminino foi de 20.446,53€ (19.818,26 en 2019). Se distinguimos entre tipo de contrato a media foi de 21.353,24 euros para os contratos indefinidos e 17.271,55 euros para os de duración determinada e no colectivo masculino foi de 25.276,16 euros, distribuídos en 26.733,27 euros para os contratos indefinidos e 18.763,68 euros para os de duración determinada. Isto supón que as mulleres galegas en 2020 percibiron unhas retribucións un 19,10% menor que as dos homes (19,25 en 2019), diferenza que no caso dos contratos indefinidos alcanza o 20,1% (20,4% en 2019). A pesar de ser altas as diferenzas o dato positivo e que se acortan as distancias.

En España a media salarial bruta das mulleres en 2020 foi de 22.467,48 euros, fronte aos 27.642,52 dos salarios masculinos, o que reflicte unha diferenza en contra do salario feminino de 18,7%. Nas contratacións indefinidas, esta diferenza desfavorable para as mulleres chega ao 20,4%.

Cadro 5.42

Salario bruto anual por tipo de contrato (euros). 2020

Homes	Total	Indefinido	Duración determinada	Mulleres	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	24.785,82	26.704,89	19.437,82	Andalucía	19.517,52	20.570,18	16.683,54
Aragón	26.505,70	28.256,29	18.357,13	Aragón	21.365,11	22.224,00	17.700,52
Asturias	27.948,09	29.781,88	21.269,04	Asturias	21.308,01	22.663,04	15.791,32
Baleares	25.699,53	26.950,70	20.767,22	Baleares	21.998,23	22.418,73	20.481,84
Canarias	22.697,51	23.581,99	19.600,69	Canarias	20.461,63	20.611,38	19.922,19
Cantabria	25.840,13	27.601,63	18.396,93	Cantabria	20.996,83	21.076,89	20.663,58
Castela León	25.549,98	27.200,56	18.741,88	Castela León	20.314,96	20.843,14	18.415,79
Castela-A Mancha	24.029,31	25.298,02	19.720,06	Castela-A Mancha	20.761,55	21.116,09	19.755,69
Cataluña	30.003,62	31.833,16	20.444,15	Cataluña	24.096,69	24.929,45	20.136,91
C. Valenciana	25.239,04	26.823,15	19.087,28	C. Valenciana	20.165,73	21.262,10	15.480,55
Extremadura	22.071,78	23.580,23	17.070,71	Extremadura	18.791,05	20.782,45	14.085,47
Galicia	25.276,16	26.733,27	18.763,68	Galicia	20.446,53	21.353,24	17.271,55
C. de Madrid	31.495,31	33.398,39	20.075,15	C. de Madrid	25.900,29	27.152,16	19.377,50
Murcia	25.227,26	26.338,12	21.154,82	Murcia	20.007,14	20.525,50	18.266,04
Navarra	31.317,91	33.495,21	21.212,75	Navarra	24.047,13	24.456,35	22.842,56
País Vasco	33.040,10	35.038,17	23.144,32	País Vasco	27.125,90	27.633,65	25.003,28
A Ríoxa	25.664,88	26.914,75	19.207,65	A Ríoxa	20.959,44	21.163,27	20.126,15
España	27.642,52	29.486,23	19.828,46	España	22.467,48	23.454,68	18.617,09

Fonte: INE, Enquisa anual de estrutura salarial.

5.9. Prestacións por desemprego

Os datos proporcionados polo Ministerio de Traballo e Economía Social (MTES) para a elaboración deste apartado non están desagregados por CC.AA, polo que, aínda que fagamos referencia ás súas táboas estatísticas, imos utilizar tamén o informe da Axencia Tributaria “Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2020”.

O número de perceptoras de prestacións de desemprego, segundo as estatísticas do “Anuario de estadísticas laborais e de asuntos sociais” do MTES, foi lixeiramente superior ao dos homes no nivel contributivo e no asistencial, existindo moita máis diferenza en renda activa de inserción, máis mulleres que homes.

468.517 (2021) e 911.830 (2020), 48,6% menos no ano 2021, mulleres percibiron prestación de nivel contributivo, fronte a 454.339 (2021) e 916.659 (2020) homes, 50,4% menos en 2021 sobre o 2020. É destacable a melloría nos datos das perceptoras de prestación contributiva polo que supón da súa orixe como traballadoras e cotizantes, non é unha prestación asistencial que non requira de cotizacións.

544.141 (2021) e 567.805 (2020) mulleres percibiron prestacións de nivel asistencial, fronte a 425.271 (2021) e 449.628 (2020) homes.

92.499 (2021) e 83.080 (2020) mulleres percibiron a renda activa de inserción, fronte a 51.573 (2020) e 45.842 (2020) homes. Esta é a prestación con maior diferenza por xénero.

En todas as CC.AA. o importe da prestación media anual é inferior no colectivo feminino, 3.503 euros en 2020 fronte aos 3.674 dos homes. En Galicia a media anual chegou en 2020 aos 3.193 euros para as mulleres e aos 3.420 euros para os homes, polo tanto existe unha diferenza en prexuízo do grupo de mulleres de 227 euros anuais como media, acurtándose a distancia entre os dous colectivos.

Se comparamos a percepción media feminina en materia de prestacións de desemprego co total do colectivo feminino, as mulleres galegas percibiron 310 euros menos en 2020 que a media de España, empeorando a súa posición con respecto a outros anos. No caso dos homes galegos a diferenza coa media dos homes España é de 254 euros menos.


Podemos concluír dicindo que a muller galega percibe só o 93,3% das prestacións, comparándoas coas percibidas polos seus compañeiros homes, é dicir, percibe un 6,6% menos, mellorando en comparación ao 2019.

Cadro 5.43

Prestación media anual. Segundo sexo e idade. España. 2017-2020

	2017		2018		2019		2020
Homes		Homes		Homes		Homes	
menor de 26 anos	2.032	menor de 26 anos	2.088	menor de 26 anos	2.246	menor de 26 anos	2.728
26 a 35 anos	2.625	26 a 35 anos	2.697	26 a 35 anos	2.818	26 a 35 anos	3.402
36 a 45 anos	2.971	36 a 45 anos	2.981	36 a 45 anos	3.146	36 a 45 anos	3.655
46 a 55 anos	3.048	46 a 55 anos	2.949	46 a 55 anos	3.227	46 a 55 anos	3.776
55 e máis anos	4.086	55 e máis anos	3.792	55 e máis anos	4.085	55 e máis anos	4.342
Total	3.087	Total	3.126	Total	3.226	Total	3.674
Mulleres		Mulleres		Mulleres		Mulleres	
menor de 26 anos	1.959	menor de 26 anos	2.039	menor de 26 anos	2.133	menor de 26 anos	2.540
26 a 35 anos	2.604	26 a 35 anos	2.673	26 a 35 anos	2.788	26 a 35 anos	3.350
36 a 45 anos	2.865	36 a 45 anos	2.920	36 a 45 anos	3.013	36 a 45 anos	3.607
46 a 55 anos	2.746	46 a 55 anos	2.806	46 a 55 anos	2.911	46 a 55 anos	3.536
55 e máis anos	3.623	55 e máis anos	2.537	55 e máis anos	3.664	55 e máis anos	3.990
Total	2.850	Total	2.866	Total	3.000	Total	3.503

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2020.



Cadro 5.44

Percepcións medias de prestacións por desemprego.

Por sexo e comunidade autónoma da persoa perceptora. Galicia/España. 2019-2020

	Prestación media anual					
	2020			2019		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Andalucía	3.437	3.522	3.348	2.945	2.991	2.901
Aragón	3.232	3.244	3.218	3.116	3.272	2.974
Asturias	3.408	3.608	3.192	3.165	3.342	2.979
Baleares	5.168	5.063	5.273	2.853	2.912	2.799
Canarias	4.321	4.480	4.163	3.062	3.213	2.922
Cantabria	3.227	3.327	3.119	3.059	3.281	2.847
Castela e León	3.262	3.308	3.213	3.105	3.271	2.940
Castela-A Mancha	3.265	3.348	3.173	3.047	3.138	2.961
Cataluña	3.780	3.845	3.710	3.379	3.534	3.233
C. Valenciana	3.275	3.360	3.186	2.983	3.092	2.880
Extremadura	3.108	3.175	3.041	2.901	2.943	2.862
Galicia	3.307	3.420	3.193	3.120	3.316	2.937
C. de Madrid	3.832	3.962	3.704	3.612	3.824	3.420
Murcia	3.024	3.159	2.881	2.843	2.940	2.742
A Ríoxa	3.107	3.097	3.117	3.154	3.309	3.009
Ceuta	3.322	3.562	3.090	2.984	3.173	2.805
Melilla	3.358	3.662	3.041	2.996	3.142	2.854
España	3.590	3.674	3.503	3.109	3.226	3.000

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2020.

Facendo unha análise da nacionalidade das persoas perceptoras, observamos que cando a nacionalidade é española a diferenza nas percepcións das mulleres con respecto aos varóns é superior, chegando a percibir un 6,8% menos, mentres que, se a orixe é estranxeira, a diferenza redúcese ata un 4,4% menos.

A diferenza estriba na nacionalidade de orixe, xa que os homes non españois perciben unhas prestacións inferiores ás dos homes galegos (6% menos), mentres que as mulleres non españolas, con respecto ás mulleres galegas, teñen uns ingresos en concepto de desemprego do 3,6% menos.

Esta análise volve reafirmar a idea de que, con independencia da orixe, nacionalidade, formación..., o colectivo de mulleres sempre está por debaixo do de homes.

Cadro 5.45

Poboación desempregada e prestacións medias por nacionalidade e sexo da persoa Galicia/España. 2019-2020

	2020						2019					
	Persoas desempregadas			Prestación media anual			Persoas desempregadas			Prestación media anual		
	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Media total	Mulleres	Homes	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Media total	Mulleres	Homes
España												
Española	6.823.815	3.390.421	3.433.394	3.575	3.485	3.664	3.827.080	2.020.852	1.806.228	3.150	3.032	3.281
Estranxeira	1.124.630	503.969	620.661	3.681	3.622	3.729	602.975	264.308	338.667	2.854	2.759	2.928
Galicia												
Española	392.580	195.814	196.766	3.316	3.199	3.433	211.716	110.419	101.297	3.144	2.953	3.352
Estranxeira	23.326	10.823	12.503	3.158	3.081	2.718	11.426	5.196	6.230	2.675	2.603	2.735

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

5.10. Pensións

Para unha primeira análise utilizaremos os datos proporcionados polo MTES nas estatísticas do “Anuario de estadísticas laborais do 2021”.

Faremos unha primeira análise das pensións contributivas.

O número de pensionistas mulleres (4.413.883 en 2021) en toda España é lixeiramente inferior ao de homes (4.581.223), mentres que en Galicia é lixeiramente superior: 414.503 mulleres e 354.779 homes. É máis destacable que se ben no colectivo masculino as pensións de xubilación, que requiren unha cotización previa, supoñen un 77,6% do total das pensións do grupo de homes, no grupo de mulleres só alcanzan un 50%, mentres que as de viuvez son percibidas por mulleres no 90% dos casos e estas pensións supoñen o 40,2% do total das pensións femininas.

En relación co importe medio mensual podemos dicir que en Galicia as pensións percibidas polas mulleres en 2021 son 376,2 euros menos que as dos homes, ou o que é o mesmo, un 34,5% menores (mulleres: 713,18 euros; homes: 1.089,38 euros), importes inferiores aos anteriores. Esta diferenza aínda é maior se comparamos as

pensións de xubilación. Así unha pensionista de xubilación muller percibiría 418,41 euros menos que un home, un 35% menos, hai una pequena mellora sobre o ano anterior.

As pensións de viuvez e a favor de familiares son lixeiramente superiores no caso das mulleres.

Cadro 5.46

**Pensión contributivas e importe medio e pensionistas segundo clase, por sexo.
Galicia. 2020-2021**

	2020		2021	
	Importe medio En euros/mes	Número pensionistas	Importe medio En euros/mes	Número pensionistas
Homes	1.066,33	354.218	1.089,38	354.779
Incapacidade permanente	943,84	45.677	954,76	45.857
Xubilación	1.164,41	275.061	1.191,84	275.274
Viuvez	431,30	18.546	438,76	18.607
Orfandade	405,54	12.475	410,86	12.507
En favor de familiares	512,02	2.459	520,87	2.534
Mulleres	695,37	411.658	713,18	414.503
Incapacidade permanente	795,00	24.017	805,89	24.841
Xubilación	750,00	205.637	773,43	207.681
Viuvez	636,42	166.934	648,05	166.900
Orfandade	408,08	10.875	414,23	10.832
En favor de familiares	537,67	4.195	547,26	4.249
Ambos os dous sexos	866,94	765.880	886,68	769.285
Incapacidade permanente	892,54	69.695	902,46	70.698
Xubilación	987,13	480.700	1011,91	482.957
Viuvez	615,91	185.481	627,06	185.508
Orfandade	406,72	23.350	412,42	23.339
En favor de familiares	528,19	6.654	537,40	6.783

Fonte: IGE. 2021.

Se a análise a realizamos observando as pensións segundo tramos de contía mensual, por sexo e clase, para todo o territorio das CC.AA, apreciamos que no colectivo de mulleres o número de pensións en tramos inferiores á pensión media (15.941 en 2020) ou que chegan a ela e do 79%, mentres que no grupo de homes alcanzan o 60,8% de perceptores en 2020. Na mesma liña só hai 4.241 mulleres coas pensións máis altas fronte a 16.446 homes.

Os datos de Galicia son similares con 76% de mulleres en tramos inferiores a pensión media fronte a un 68% de homes.

Cadro 5.47**Pensionistas, percepcións de pensións medias por sexo e tramo de pensión. España. 2020**

	Total			Homes			Mulleres		
	Pensionistas	Pensións por persoa	Pensión media anual	Pensionistas	Pensións por persoa	Pensión media anual	Pensionistas	Pensións por persoa	Pensión media anual
Total	9.516.185	1,12	15.941	4.769.352	1,13	18.458	4.746.833	1,11	13.412
De 0 a 0,5 PM	641.436	1,03	2.183	274.251	1,03	2.109	367.185	1,04	2.238
De 0,5 a 1 PM	1.971.173	1,05	7.394	747.604	1,05	7.437	1.223.569	1,05	7.367
De 1 a 1,5 PM	2.874.651	1,05	10.791	1.224.705	1,04	11.161	1.649.946	1,06	10.516
De 1,5 a 2 PM	1.172.800	1,10	15.732	656.369	1,08	15.785	516.431	1,12	15.665
De 2 a 2,5 PM	837.104	1,13	20.314	502.393	1,11	20.349	334.711	1,17	20.260
De 2,5 a 3 PM	546.916	1,19	24.794	346.466	1,17	24.825	200.450	1,21	24.740
De 3 a 3,5 PM	376.488	1,24	29.443	263.982	1,21	29.461	112.506	1,32	29.402
De 3,5 a 4 PM	418.562	1,30	33.916	269.402	1,26	33.982	149.160	1,37	33.798
De 4 a 4,5 PM	504.183	1,29	37.745	354.471	1,24	37.707	149.712	1,42	37.835
De 4,5 a 5 PM	63.700	2,09	42.814	46.767	2,05	42.820	16.933	2,19	42.799
De 5 a 7,5 PM	73.870	2,27	53.054	55.276	2,27	53.064	18.594	2,27	53.025
De 7,5 a 10 PM	14.615	2,39	77.552	11.220	2,38	77.504	3.395	2,43	77.711
Más de 10 PM	20.687	2,37	173.829	16.446	2,36	178.604	4.241	2,41	155.315

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2020.

Para poder facer unha análise por CC.AA. e sexo utilizaremos os datos do informe da Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2020".

Cabe sinalar que se ben en Galicia o número de pensionistas (sen distinción polo tipo de pensión) é superior lixeiramente no colectivo feminino (51,46% en 2020), non o son os importes das pensións recibidas, xa que a diferenza chega a un 26,8% menos. No total das CC.AA. o número de mulleres pensionistas chega ao 49,8% e os importes das pensións son dun 27,3% menos que as dos homes.

A pensión media anual das mulleres pensionistas en Galicia alcanzou en 2020 os 12.059 euros fronte aos 16.484 euros dos homes, o que supón que as mulleres perciben o 73,2% do importe da pensión masculina ou, o que é o mesmo, un 26,8% menos, o que supón unha significativa diferenza (4.425 euros menos ao ano).

A muller galega tamén está en desvantaxe se comparamos a súa pensión media coa das mulleres do resto de CC.AA, con 1.353 euros menos en 2020.

As pensións das mulleres galegas ocupan os lugares máis baixos, despois de Extremadura e Castela-A Mancha empeorando a súa posición en relación a anos anteriores.

Cadro 5.48

Pensión media anual por comunidades autónomas e sexo. Exercicio 2019-2020

	2019			2020		
	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes
Andalucía	14.224	12.075	16.337	14.430	12.299	16.519
Aragón	16.725	13.636	19.643	17.037	13.925	19.995
Asturias	18.824	14.330	23.005	19.045	14.590	23.194
Baleares	15.112	12.872	17.467	15.492	13.199	17.890
Canarias	13.923	12.123	15.729	14.294	12.426	16.163
Cantabria	16.591	13.569	19.513	17.118	13.994	20.146
Castela e León	15.756	13.069	18.126	15.977	13.291	18.354
Castela-A Mancha	13.996	11.775	15.759	14.144	11.911	15.931
Cataluña	16.834	14.130	19.766	16.995	14.350	19.872
C. Valenciana	14.645	12.315	16.973	14.866	12.532	17.201
Extremadura	13.001	11.424	14.397	13.243	11.642	14.660
Galicia	13.926	11.819	16.159	14.207	12.059	16.484
C. de Madrid	19.143	15.829	22.592	19.299	16.038	22.696
Murcia	14.221	11.950	16.403	14.473	12.189	16.660
A Ríoxa	15.667	13.195	17.954	15.859	13.389	18.160
Ceuta	15.653	12.335	19.091	16.327	12.658	20.160
Melilla	14.874	11.858	18.151	15.280	12.036	18.677
Total	15.722	13.181	18.249	15.941	13.412	18.458

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2020